

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OZA-CESURAS
Edificio	Capela do Carme do Enxertado
Dirección	As capelas, O Enxertado. 15388
	43.207513 -8.180978
Protección	
Descricion	<p>Capela de planta rectangular e unha soa nave. A sancristía sitúase na cabeceira, o que contribúe ó carácter lonxitudinal do templo. Os muros son de carga e están construídos con cachotería e cantería, quedando esta á vista nos esquinais e o resto están recebados e caleados.</p> <p>Exteriormente, a sancristía desenvólvese en dúas alturas. No corpo principal da nave a cuberta é a dúas augas e no corpo da sancristía é a catro augas tendo unha cruz de pedra no seu vértice. A cubrición é a base de tella curva do país. É unha arquitectura moi simple, onde a portada e as portas laterais son alinteladas.</p> <p>A fachada de traza sinxela, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante a porta principal de acceso alintelada como xa dixemos. Sobre o ingreso vai un óculo semicircular, e enriba deste, na base da espadana, ten unha fornela. Remata o conxunto unha espadana de dous corpos, o primeiro formado por un arco de medio punto que descansa sobre piares e serven para aloxa-la campá. O segundo un frontón triangular con oco e rematado por un pináculo moldurado cunha cruz de forxa enriba.</p>
Campás	1 campá.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	16-09-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u>DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA</u>	1900	50	72

Información completa: [Capela do Carme do Enxertado - OZA-CESURAS \(GALICIA\)](#)

